

# PROXECTO ECO-SOSTENIBILIDADE

## MISIÓN 1

### “MERENDAS RESIDUOS CERO”

Desde o centro escolar e coa nosa mascota COLIBRIÑO queremos actuar e tomar medidas reais no noso día a día mellorando os hábitos de reciclaxe en resposta á emerxencia climática.

Por iso, como centro educativo, querémonos sumar a novos retos. Para elo, levaremos a cabo unha serie de misións , sendo a primeira: “MERENDAS RESIDUO CERO”.

Se trata de que toda a comunidade educativa camiñe na mesma dirección para reducir, na medida do posible, os residuos (plásticos, aluminio, papel,...) xerados tanto nas merendas coma na vida diaria das aulas.

Para elo, alumnado, familias, profesorado e demais membros da comunidade educativa debemos facer un esforzo por mudar e mellorar a nosa forma de consumo envasado.

Con elo, queremos que isto sexa un proceso de mellora colectivo e compartido, tanto como individuo coma comunidade que somos.

### Entón..., como podemos axudar a Colibriño a lograr esta misión?

Debatide en casa e achegade a vosa resposta sobre que podemos facer para que as nosas merendas no cole sexan máis sostibles axudando así ó coidado do noso planeta. Podedes achegalas á titoría a través da axenda, folio,sobre viaxeiro....para logo enviarlle a resposta desde cada aula ao Colibriño.

Achega as túas propostas ao longo desta semana.

